



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Comisión Europea (CE) dispón dunha base de datos de **expertos externos** para apoiar en tarefas relacionadas co programa de investigación e innovación Horizonte2020. A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación, anima a todos os profesionais interesados a que presenten as súas candidaturas para formar parte desta base, co obxectivo de incrementar a *expertise* galega no programa H2020. Ademais, pertencer ao corpo de avaliadores da CE reporta numerosas vantaxes a nivel profesional, como coñecer os proxectos máis punteiros na UE, ampliar a rede de contactos a nivel europeo ou coñecer a estrutura e xestión de proxectos europeos de éxito.

Para converterse en experto da Comisión Europea precísase ter un **alto dominio en campos relevantes da I+D+i** e estar dispoñible para desenvolver **encargos ocasionais** nun curto prazo de tempo. As tarefas que a Comisión encarga a estes expertos, como peer reviewers, son de asistencia na avaliación de propostas e seguimento de accións. Asimesmo, estes expertos asisten en labores de preparación, implementación ou avaliación de programas e deseño de políticas.

O proceso de rexistro nesta base de datos está dispoñible permanentemente a través da [páxina web](#) do portal do participante da Dirección Xeral de I+D da Comisión Europea. Para rexistrarse precísase dispor dunha conta válida no Portal do Participante (ECAS) que podes crear no seguinte [enlace](#).

Por outra banda, a Axencia Executiva para PEME da Comisión Europea (EASME nas súas siglas en inglés) está elaborando unha **listaxe de expertos para desenvolver actividades de coaching** no marco do programa Instrumento PEME. Unha expresión de interese dirixida a aqueles expertos interesados en converterse en coach de innovación empresarial está dispoñible na **web desta Axencia**.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.